



Xullo 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Editorial

Ábrense novas expectativas para a Galiza labrega

O editorial deste Fouce 234 marca as liñas reivindicativas básicas do Sindicato Labrego Galego diante do novo Goberno que saíra tralas Eleccións Autonómicas do 19 de xuño. Dende o SLG, agárdase que por fin veñan novos aires que traian diálogo a un sector que precisa de accións enérxicas e urxentes para ter futuro. **Páx. 4**

■ Aldea Global

O SLG oponse ao novo plan de desenvolvemento rural

O SLG fixo pública a súa oposición ao novo regulamento europeo de desenvolvemento rural porque, non vai servir para desenvolver o medio rural. Máis ben todo o contrario, pois fomenta a competitividade, coas nefastas consecuencias que isto supón. **Páx. 7**

■ Muller

As titulares de explotacións de leite puntúan no reparto de cota

Grazas ás alegacións presentadas pola Secretaría da Muller do Sindicato Labrego ao Plan de Reestruturación do Sector Lácteo, ser muller titular dunha explotación láctea puntuará á hora de repartir cota. Un éxito do SLG que contribuirá á igualdade de xénero no agro. **Páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

Abriuse o prazo para que labregos e labregas actualicen os datos das axudas da PAC

■ A Consellaría de Política Agroalimentaria xa enviou as cartas de aviso, e o prazo inicial será ata o 15 de xullo, aínda que a Xunta solicitoulle ao Ministerio unha prórroga.

■ Esta actualización afecta a quen cobrou axudas de nutrices, machos de vacún, sacrificio, extensificación, superficies, ovino, etcétera. Máis información nos locais do SLG. **Páx. 14**



Organizacións de toda Europa reúnen-se en Billund para frearlle os pés á industria láctea

O pasado 11 de xuño, tivo lugar en Billund (Dinamarca) un encontro entre representantes de produtores e produtoras de leite procedentes de toda Europa. O encontro deu continuidade ás reunións anteriores en Amsterdam e Hamburgo, e tratou de

definir unha estratexia común para facerlle fronte ás industrias lácteas. Polo de agora xa hai unha postura común á hora de reivindicar un prezo mínimo de base para o leite de 40 céntimos por quilo. De Galiza, só asistiu o Sindicato Labrego. **Páxs. 2 e 3**



A Atria Labregos do Ribeiro mellora os viñedos rexeitando agrotóxicos

A Atria Labregos do Ribeiro, coordinada polo SLG a través de Xosé Manuel González Vilas, está levando a cabo un proceso de redución na aplicación de fitosanitarios nos viñedos. Agora mesmo, reduciron ao mínimo o número de

mans, e só empregan sulfatos tradicionais e permitidos pola agricultura ecolóxica: o caldo bordelés, e o xofre en po aplicado con fol. O resultado son unhas cepas sans e rexas, e uns viños de primeirísima calidade. **Páx. 11**

O SLG estudia accións contra a fraude na distribución de patacas de consumo

O SLG volveu denunciar en xuño a fraude na pataca de orixe galega: intermediarios mercan patacas de baixa calidade a menor prezo para vendelas como pataca de Galiza, co prexuízo que trae aos produtos galegos de calidade.

Ante isto, o SLG estudia emprender accións legais contra estas prácticas fraudulentas que xeran confusión na cidadanía, e que se apoian na pouca transparencia en orixe ou na publicidade enganosa. **Páx. 5**





Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións:

Xosé Manuel
González Vilas, Anxo Pérez
Rúa, María Leiro, Lidia Senra,
Isabel Vilalba, Raúl Zibechi,
Xosé Pérez Rei e Mónica
Vázquez Blanco.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º.
AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SÁLNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047



Acordan en Billund pedir un prezo mínimo de 40 céntimos para o leite

Organizacións de toda Europa promoverán unha folga de entregas se non hai acordo coa industria no 2006

O pasado 11 de xuño, tivo lugar en Billund (Dinamarca) un encontro entre representantes de produtores e produtoras de leite procedentes de Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, España, Francia, Italia, Países

Baixos e Suíza. Galiza, unha vez máis, estivo representada só polo SLG, en cuxo nome acudiu a súa Secretaria Xeral, Lidia Senra. Este encontro deu continuidade a anteriores xuntanzas en Amsterdam e Hamburgo.

Durante esta reunión, debateuse sobre a situación que está a atravesar o sector lácteo en Europa, onde se as explotacións loitan por sobrevivir.

Unha das conclusións foi que, a pesares das diferenzas culturais e estruturais, os problemas son os mesmos: a reforma da Política Agraria Común (PAC) obriga a labregos e labregas, na Unión Europea e no resto do mundo, a competir entre eles sen ter en conta nin os custes de produción diferentes, nin a remuneración do traballo agrario. A situación que se deriva disto é que as explotacións labregas e o medio rural europeo están en perigo debido a uns prezos ruinosos.

Todas as organizacións agrarias reunidas en Billund amosáronse de acordo en considerar inaceptábel o actual marco político en agricultura. Como alternativa, propuxeron catro piares reivindicativos fundamentais:



Máis dunha ducia de países europeos estiveron representados nos encontros de Billund

■ Desenvolvemento sostíbel das explotacións leiteiras cunha produción adaptada ao benestar dos animais e ao medio ambiente.

■ Unha evolución das explotacións leiteiras sostíbel

socialmente en termos de emprego, condicións de traballo, e con perspectivas de ingresos comparábeis ao resto de actividades profesionais.

■ A necesidade de que a ren-

da proveña de prezos remuneradores.

■ Un prezo europeo mínimo de 40 céntimos por quilo de leite (70 céntimos de franco en Suíza) para acadar os obxectivos devanditos.

Piden aos gobernos que asuman responsabilidades en materia de política leiteira

En canto aos prazos, as organizacións agrarias reunidas en Billund marcáronse os inicios do 2006 como data límite para negociar coa industria. En caso de que para entón non se chegue a ningún acordo, poñeranse en marcha outras medidas de presión, entre as que se atopa unha folga de entregas de leite en toda Europa.

Nun comunicado posterior, as organizacións participantes declararon que "as nosas accións encamiñanse tamén a facer presión sobre os gobernos e a Comisión Europea para lémbrales a súa responsabilidade nunha política leiteira europea,

para que asuman a súa responsabilidade, e para que poñan en marcha unha verdadeira política leiteira europea que organice e regule a produción.

Outra reivindicación foi que non se aplique o aumento de cotas do 1'5% que hai previsto. Fronte a iso, pediuse un control da produción a nivel europeo.

Tamén se lle pedirá á Comisión Europea que non faga concesións en cuestións como a protección alfandagueira no sector leiteiro durante as negociacións actuais na Organización Mundial do Comercio (OMC), e que poña fin ás



O Sindicato Labrego foi a única organización galega que acudiu á xuntanza, representado por Lidia Senra

subvencións á exportación, cualificando o leite como "produto sensible".

As organizacións de Billund esixiron, ademais, que

"os intereses dos produtores e produtoras de leite sexan colocados por diante dos intereses do comercio e da industria láctea".

As mobilizacións polos prezos do leite detonan en Alemaña, Euskadi e Cataluña

Unió de Pagesos bloqueou o acceso ás industrias lácteas e EHNE paraliza unha partida de leite francés

Entre as moitas novas que se produciron en relación ao leite, destacamos nesta sección catro de distinta procedencia e que amosan a dirección que están a tomar as reivindicacións do

sector lácteo en Europa. Así, faremos un percorrido dende as demandas dos produtores e produtoras da Alemaña; ata as denuncias de Unió de Pagesos en Cataluña por mor dos prezos de

miseria que están a cobrar, e das mobilizacións dos produtores e produtoras de Euskal Herria; pasando polo que preocupa nestes intres ás organizacións agrarias galegas neste eido.

A BDM intensifica a súa acción en Alemaña e duplica afiliad@s

En Alemaña, a Alianza de Produtores de Leite Alemáns (BDM), que conta con 10.000 membros del BDM (Alianza de Produtores de Leche Alemanes), comprometéronse publicamente a participar nunha suspensión das entregas do leite se os prezos non aumentan. A BDM, que acudiu ao encontro de Billund, tamén pide 40 céntimos por litro de leite. Segundo declaracións de Eckhard Harder, da BDM-Norte, "é o prezo xusto necesario para producir leite respectando, ao mesmo tempo, o benestar animal e o medio ambiente, así como as condicións

de traballo humanas".

Actualmente, o litro de leite estase a pagar en Alemaña entre 26 e 29 céntimos, segundo de que industria láctea e de que rexión se trate. A renda dos produtores de leite alemáns baixou un 11,7% desde o ano 2002, o que fixo recuar o seu nivel salarial a unha media de 5 euros por hora de traballo. Eckhard Harder advérte que "segundo os estadísticas, case a metade das explotacións lácteas alemáns está en perigo de quebra".

Ante esta difícil conxuntura, os produtores de leite en Alemaña non pensan man-

terse pasivos. As mobilizacións están a gañar en forza: dende xaneiro, o número de membros do BDM duplicouse, e todos están totalmente decididos a facer valer as súas reivindicacións. Se é necesario, afirman, "bloquearán as entregas de leite".

As explotacións lácteas alemáns perderon o equivalente a 55 días de traballo por mor dos prezos baixos. A BDM está disposta a afrontar as perdas que dunha semana de folga de entregas de leite, porque se consegue que suba non é nada co que xa levan perdido pola caída dos prezos.



Labregos e labregas de Euskadi bloquearon con tractores o paso de 12 camiós con leite francés para Iparlat

Os compañeiros e compañeiras da Federación de Sindicatos Agrarios de Euskadi (EHNE) bloquearon 12 camiós con leite francés que pretendían descargar 300.000 litros na planta de Iparlat en Urnieta. Foi o 28 de febreiro.

Por riba, Iparlat pretendía baixar o prezo do leite unha peseta en febreiro e outra en marzo, coa escusa de que había demasiada produción, algo manifestamente falso. EHNE responsabilizou ao Goberno vasco por permitir este tipo de abusos á industria.

Lidia Senra denunciou na Semana Verde as causas da crise do sector lácteo

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, participou como conferenciante nas II Xornadas Técnicas do Sector Lácteo da Semana Verde de Silleda. Xunto a ela estiveron en representación dos outros sindicatos agrarios galegos Román Santalla e Tomas Díaz. Como estabamos en plena campaña electoral, ambos enleáronse nunha liorta ao redor do Plan de Reestruturación Lácteo, defendendo un ao Goberno, e criticándoo o outro.

Só Lidia Senra centrou a súa intervención en denunciar as verdadeiras causas da crise pola que pasa o sector lácteo en Europa e no mundo, trasladando aos presentes -a maioría representantes das industrias lácteas- os acordos e posicións do encontro de Billund.

Senra denunciou que "as políticas agrarias actuais baseadas nunhas regras de comercio, as da OMC, que están producindo os desastres que padecemos, entre eles a caída dos prezos agrícolas". A realidade é que "as administracións públicas están a apostar por ter unha materia prima barata para que as grandes empresas que comercian en todo o mundo co leite poidan conquistar mercados globais".

A Secretaria Xeral do SLG tamén criticou a obsesión pola competitividade, e preguntouse "canción que levamos escoitando dende 1986, cando entramos na CEE. O resultado é que, en Galiza, a pesares de ténense reducido as explotacións lácteas das 100.000 de 1990 a menos de 18.000 neste intre, aínda non somos competitivos".



A Secretaria Xeral do SLG advertiu aos representantes das industrias dunha posíbel folga de entregas a escala europea

Lidia Senra rematou por centrar a súa intervención nas alternativas que existen á actual política leiteira: prezos remuneradores, reducir as axudas só a aquelas destinadas a compensar a actividade agraria en zonas desfa-

vorecidas, eliminación dos subsidios ás exportacións, adaptar a produción láctea ao consumo interno da Unión Europea, ou protección das fronteiras en base aos principios da soberanía alimentaria.

Unió de Pagesos rebélase contra os prezos por baixo dos custes de produción

Os gandeiros e gandeiras catalás denunciaron que o prezo que cobran das industrias polo leite que producen -30'7 céntimos por litro-, está por baixo dos custes de produción, que ascenden a 32'2 céntimos.

Unha das consecuencias inmediatas é que en Cataluña pecharon 141 explotacións lácteas no último ano.

Diante desta situación, os compañeiros e compañeiras da Unió de Pagesos bloquearon os accesos ás industrias lácteas de Cataluña durante unha semana no mes de abril, como protesta ante a baixada unilateral de prezos por parte da industria. Polo de agora, acadaron o compromiso de que suban os prezos para o presente ano.

Editorial

Imos ter un novo Goberno de signo diferente. Ábrense novas expectativas para a Galiza labrega

Por primeira vez, dende o ano 1989, teremos na Galiza un goberno de signo diferente, co cal se abren novas expectativas para cambiar a política agraria e alimentaria do goberno galego, tanto a nivel do país como a nivel da posición a manter nas conferencias sectoriais en relación á política estatal, europea, e ante a Organización Mundial do Comercio (OMC).

Aínda sen coñecer quen será o titular ou a titular da Consellaría de Agricultura, dende o Sindicato Labrego Galego, e en base ás mensaxes lanzadas na campaña electoral, confiamos na apertura dunha nova etapa presidida polo diálogo coas organizacións agrarias representativas. Froito deste diálogo, terá que buscarse o consenso para poñer en marcha o Consello Agrario Galego como instrumento básico e imprescindible para afrontar a normalización das relacións institucionais e o recoñecemento do papel das organizacións agrarias, materia pendente na Galiza dende a constitución do primeiro goberno autonómico.

En canto ás políticas concretas, o SLG agarda actuacións a dous niveis. En primeiro lugar, entendemos que é urxente abordar, dende as competencias do goberno galego, unha serie de medidas mínimas de apli-

cación urxente para frear a desaparición de explotacións. Entre estas medidas habería que incluír axudas para as explotacións máis pequenas, renegociación e ampliación dos prazos de pagamento para as explotacións que se vexan ameazadas polo endebedamento, e actuacións encamiñadas a acadar uns prezos que cubran os custes e o traballo de produción.

Na cuestión dos prezos, o Sindicato Labrego Galego agarda unha posición política clara a favor da Soberanía Alimentaria dos pobos por parte do futuro Conselleiro ou da futura Conselleira, e que defenda ante Madrid e ante Bruxelas a saída da Organización Mundial do Comercio da agricultura e da alimentación como única vía para que Galiza exerza o dereito a definir a política agraria e alimentaria que máis lle conveña ao pobo galego.

Outra acción inmediata que debe abordar o novo goberno deben ser as medidas para que a cotitularidade das labregas na explotacións, que aparece recollida na Lei de Igualdade, se fagan efectivas axiña.

Urxe, igualmente, dar pasos para poñer fin á imposición dos transxénicos por parte das grandes multinacionais na alimentación, tanto humana como animal. Nesta cuestión

agardamos unha posición política clara e decidida para declarar a Galiza como país libre de transxénicos, declaración que, por certo, xa ten feito o goberno vasco.

É imprescindible deter xa a forestación de terras agrarias. O Sindicato Labrego Galego agarda que o contencioso que vimos de interpoñer contra a última orde de forestación de terras agrarias, aprobada polo Partido Popular hai un mes, lle sirva de ferramenta ao novo goberno para paralizala. Deberán, ao mesmo tempo, poñerse en marcha medidas para poñer a terra da disposición dos labregos e labregas.

En segundo lugar, e en paralelo a estas primeiras actuacións urxentes, cómpre abrir un proceso de diálogo para a elaboración dun Plan Galego de Desenvolvemento Rural que teña como obxectivo a revitalización do medio rural, e a valoración social do agro e da profesión labrega. Ademais, ese plan debe garantir o mantemento da agricultura e da gandería como actividades básicas principais, amais dunhas explotacións de dimensión humana como base imprescindible para a fixación de poboación no medio rural, para a xestión do territorio, para a conservación do medio, e para poñer no mercado uns alimentos sans, seguros e nutritivos.

Os datos publicados no marco do informe sobre siniestralidade laboral rexistrada, correspondentes ao ano 2003 e editadas polo Instituto Galego de Estadística, coa característica frialdade das cifras, indícanos que no citado ano producíronse no campo galego 1.378 accidentes laborais, 129 cualificábeis como de gravidade, e dous mortais.

Máis alá da radiografía que poidan proporcionar estes datos (suficientemente reveladores de por si), e sen entrar a valorar os desfases existentes entre a accidentalidade estatística e a accidentalidade real, semella imperiosa a necesidade de darlle a esta problemática a relevancia que se merece.

O certo é que, até o de agora, a siniestralidade laboral no agro e, por conseguinte, a necesidade dunha axeitada actividade preventiva, foi o "irmán esquecido" das políticas que nesta materia levaron a cabo as administracións públicas.

Se as iniciativas gobernamentais en materia de prevención de riscos laborais en sectores como a construción, a industria e ou o transporte estiveron, e seguen a estar, lonxe de alcanzar estándares europeos, na actividade agropecuaria estas iniciativas, durante moitos anos, foron sinxelamente inexistentes, atopándonos coa sim-

A seguridade laboral no agro: unha materia pendente

por Antonio Ferreiro

ple ausencia de calquera política preventiva no sector.

Se ben é certo que no marco dunha crecente concienciación mediática e social das necesidades preventivas en calquera rama da actividade laboral, parece haber tímidos intentos de pór en marcha algunha que outra iniciativa que trate a problemática dos riscos laborais no agro, neste intre estamos a anos luz de algo minimamente parecido a unha política preventiva que anal-

ice e trate de paliar os principais problemas en materia de seguridade laboral que padece o sector.

Este esquecemento e abandono institucional en materia de prevención de riscos é, non embargante, dobremente grave se temos en conta o modo pouco coherente co que actúa a Administración á hora de contemplar a problemática dos riscos laborais no sector.

Así, atopámonos con que, se ben a ausencia de actividade formativa e

informativa até o de agora foi clamorosa, o nivel de esixencias (e por tanto responsabilidades) ao que se ven os sometidos ós labregos e labregas é o mesmo que pode existir en calquera outro ámbito de actividade laboral que conta cunha longa tradición de traballo preventivo.

As consecuencias son fortes multas, requerimentos de documentación de prevención cando se sabe que case ningunha explotación a ten, actuacións incongruentes de diversa índole, e unha longa lista de agravios que denotan unha actitude por parte das administracións competentes que, cando menos, cabe cualificar de inxusta e miope.

Parece pois chegado o momento que as administracións públicas con competencias na materia fagan uso das mesmas e deixen de ignorar a siniestralidade no sector agrario, que xa demasiadas traxedias nos ten causado (e está causando a diario).

O SLG estudia accións contra a fraude da distribución en patacas de consumo

Os intermediarios impoñen con total impunidade prezos de miseria que chegan a 3 céntimos por quilo

O SLG volveu denunciar en xuño a fraude na pataca de orixe galega: intermediarios mercan patacas de baixa calidade a menor prezo para vendelas como pataca de Galiza, co prexuízo que trae aos produtos galegos de

calidade. Ante isto, o SLG estudia emprender accións legais contra estas prácticas fraudulentas que xeran confusión na cidadanía, e que se apoian na pouca transparencia en orixe ou na publicidade enganosa.


Exemplos claros do devandito vémoslos en calquera supermercado: pataca vella de orixe francesa, ou doutra procedencia peninsular, que se camufla baixo marcas de orixe galega ou con referencias en galego. Noutros casos, aproveítanse do baleiro legal que deixa a Orde 166/1983, do 13 de xullo de 1983, que regula a calidade da pataca destinada ao consumo, e na que se regula tamén o etiquetado. Os que así actúan, aproveítanse de que esta normativa é obsoleta, dado que as estruturas comerciais variaron enormemente dende a súa aprobación, e non garante a seguridade alimentaria.

Tanto nesta lexislatura, como na anterior, o Ministerio de Agricultura fixo caso omiso ás reclamacións que están a realizar todas as organizacións agrarias representativas do Estado, cooperativas agrarias, e a Federación Española de Produtores Exportadores de Froita, Hortalizas, Flores e Plantas Vivas (FEPEX), en relación á modificación desta norma para que se adapte ás características comerciais e de información ao consumidor.

En tanto o Ministerio de Agricultura non modifique esta normativa, e a Consellaría de Política Agroalimentaria non controle e sancione estas malas prácticas -que se poderían cualificar de fraudulentas-, os intermediarios seguirán a recibir axudas da Xunta para comercializar produtos galegos cando o que están a facer é unha competencia desleal que está arruinando o noso agro.

Un quilo de pataca en orixe a 3 céntimos

O SLG pediulle ao Ministerio de Agricultura que se



A publicidade institucional enmascara unha realidade na que se comete fraude de cotío

sente a negociar e atenda as reclamacións do sector, e que a Consellaría de Política Agroalimentaria realice controis en destino para velar polo cumprimento da lexislación vixente.

O SLG tamén reiterou a necesidade de facer controis exhaustivos das marxes comerciais abusivas da distribución: mentres que ao sector produtor estáselle a pagar entre 3 e 12 céntimos

o quilo, o consumidor paga entre 48 céntimos e 1 euro por un produto de primeira necesidade, a menos de 50 quilómetros da súa orixe, e case sen gastos de transformación.

Desastrosa política do Inorde na produción de pataca de semente

Outras das críticas que ten que facer o SLG no sector pataqueiro, é a desastrosa política en pataca de semente que o INORDE, Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico, fixo en

colaboración con empresas privadas: gastáronse 36.000 euros para producir 10 hectáreas de pataca de sementeira, cubríndose os custos de produción e de asesoramento técnico. E o resultado foron patacas de semente fóra de calibre e con problemas graves de podremia húmida. Cobráronse como patacas de sementeira a cada produtor, e foi como tirar cos cartos. As únicas que saíron gañando desta operación foron as empresas privadas e o



INORDE, que cubriron os custos de produción dun produto que, na maioría dos casos, houbo que destruír. Esta pataca de semente realizouse con cartos dos produtores destinados á compra de pataca de semente certificada.

O SLG non aceptou, no seu intre, ser participante desta iniciativa, dado que non se garantía a transparencia nos gastos, e o lugar de produción non era o idóneo para este tipo de produto. Diante destas circunstancias, o SLG reclamou publicamente que a partida económica que ía a ser destinada, nun principio, á compra de pataca de semente certificada, sirva para esta fin, e que non se malgasten os cartos.

O SLG denuncia as mentiras de XXAA na polémica polo gasóleo agrícola

O SLG tivo que desmentir publicamente as afirmacións de Xóvenes Agricultores (XXAA), que chegaron a manifestar que "...en outubro o MAPA anunciou ter chegado a un acordo coas organizacións agrarias COAG e UPA e coas Cooperativas Agrarias pór en marcha medidas (...) en compensación polo encarecemento dos prezos do gasóleo".

Tal afirmación é unha rotunda mentira, pois nin a COAG no Estado, nin o SLG en Galiza, chegaron a ningún acordo co Ministerio de Agricultura na crise polo encarecemento do gasóleo, e moito menos chegaron a asinar nada.

Por desgracia, foron moitos medios de comunicación os que se fixeron eco das mentiras de Asaja. Dende o SLG esixiuse que as explicacións que pedía publicamente esta organización agraria, debería dalas ela por falsear a realidade de xeito tan desvergonzado e por enganar aos medios de comunicación e á cidadanía.

Xa dende o principio, COAG e SLG manifestaron a súa decepción ante as medidas fiscais anunciadas pola Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, para paliar temporalmente o impacto que a suba dos carburantes.

COAG e o SLG, lonxe de chegar a ningún acordo, denunciaron que o do gasóleo era, e segue a ser, un problema estrutural para o que non valen medidas conxunturais que, por riba, son insuficientes. COAG e SLG defenderon sempre, como alternativa, a creación dun gasóleo profesional agrícola, pois esa é a única solución a un problema que ten como factores máis destacados o baixo nivel de renda dos labregos e labregas, e os impostos abusivos con que o Goberno está a gravar os carburantes.

A única solución para rematar con esta crise -que o tempo está a demostrar que non é conxuntural, pois os prezos non paran de subir- pasa pola creación dun gasóleo agrícola profesional cun prezo social adaptado ás necesidades do agro.

O SLG pídelles á Xunta que solicite apoios para paliar os danos da seca

O Ministerio crea unha liña de axudas e consultará sobre que territorios do Estado se deben beneficiar

O SLG remitiu un escrito dirixido ao Conselleiro de Política Agroalimentaria en funcións para que emprenda as accións necesarias destinadas a que Galiza poida acceder ás axudas de apoio aos estragos causados

pola seca no agro galego durante o ano 2005. O SLG agarda que a Consellaría non se despiste como no 2004, ano no que se "esqueceu" de solicitar as axudas, quedando Galiza excluída das partidas para esta fin.

A razón fundamental desta petición relaciónase co Real Decreto Lei do 20 de xuño polo que se adoptan medidas para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. No seu artigo 1.2, o Real Decreto di que os ministerios de Agricultura e Medio Ambiente "delimitarán o os ámbitos territoriais afectados en orde á aplicación das medidas previstas" tras escoitar "ás comunidades autónomas e ás organizacións representativas do sector".

Na Galiza, no presente ano 2005, houbo importantes perdas ocasionadas pola seca e outras adversidades climáticas en pastos, forraxes, horta de inverno e planta feita nas propias explotacións para os cultivos de primavera. Son exemplos disto a perda da primeira corta de herba a causa da seca, ou a perda dunha importante porcentaxe de horta de inverno a causa das xeadas.

Isto está a provocar un



O agro galego veu a súa produtividade seriamente minguada por mor das secas estivais

aumento dos custes de produción debidos á obriga de mercar máis alimentos para o gando fóra da explotación, ou mesmo plantas para cultivar nos invernadoiros. Habería que engadir a todo

isto os custes provocados polo incremento nos prezos dos cereais para gando, e avaliar as perdas derivadas dos atrasos provocados polas fortes xeadas nas plantacións do sector hortí-

cola.

Tamén cómpre advertir que, de continuar a falla de choivas como ata o de agora, poderían verse seriamente afectados os pastos e o millo para ensilar.

O SLG impugna ante o Tribunal Superior a orde de forestación de terras agrarias

O Sindicato Labrego Galego impugnou a Orde de forestación de terras agrarias publicada pola Consellaría de Medio Ambiente no Diario Oficial de Galiza co 24 de maio. O recurso presentouse ante o Tribunal Superior de Xustiza, e nel pídesse que se deixe sen efecto a devandita orde por non axustarse a dereito. Unha vez máis, o SLG foi a única organización agraria en defender os intereses dos labregos e labregas de Galiza.

Entre os argumentos citados no recurso, alúdese a que esta orde fala de "diversificar a actividade agraria, así como as fontes de renda e emprego, contribuír á corrección dos problemas de erosión e desertización que sofren determinadas zonas", e permite forestar "aqueles terreos que non estean identificados como forestais no Sistema de Identificación de Parcelas" amais de aquelas terras ocupadas por cultivos herbáceos, barbeitos, prados naturais, pasteiros, etcétera.

De aí o argumento básico do Sindicato Labrego contra esta orde, pois permite fomentar algo que non está permitido pola lei a establecer como terreos aptos para forestar aqueles cualificados como "solo rústico de protección agropecuaria".

O SLG celebra en Viana do Bolo unhas xornadas sobre gandería sostíbel de montaña

O pasado 6 de maio, celebráronse en Viana do Bolo unhas xornadas formativas do Sindicato Labrego baixo o título de "Gandería sostíbel na montaña". Ao evento asistiron trinta gandeiros e gandeiras da zona, que debateron cos conferenciantes convidados sobre cuestións tan diversas como a dignificación do traballo gandeiro, a viabilidade da gandería en zonas marxinais de montaña, a transición e conversión a manexos ecolóxicos, a situación da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, a trazabilidade das producións ecolóxicas, etcétera.

Abriu as xornadas Xabier

Gómez Santiso, Secretario de Acción Sindical Gandeira do SLG; e de seguido interviñeron Anabel, por parte de VERIN-BIOCOOP; Eloi Villada, enxeñeiro agrícola da Consellaría e veterano colaborador do Sindicato Labrego; Xosé Álvarez Lombardero, vocal en Ternera Gallega; e Xosé Blanco, produtor ecolóxico de Montederramo. Tamén asistiron os responsábeis das oficinas agrarias comarcais de Viana do Bolo e A Gudiña, así como os seus veterinarios.

Xa pola tarde, visitáronse varias explotacións na parroquia de Pinza, en Viana do Bolo.



As persoas que asistiron ás xornadas cualificáronas de "moi positivas" para o futuro do sector

Os asistentes avaliaron como moi positivas estas xornadas, xa que na comarca da montaña oriental de Ourense carécese dos pulos necesarios para deter a

desaparición acelerada de explotacións, a pesares da potencialidade indubidábel da zona para producións gandeiras de calidade.

Foron varios os afiliados e

afiliadas da Comarca que, ao final do encontro, demandaron próximas xuntanzas centradas en deseñar iniciativas para asentar as explotacións existentes.

O SLG oponse ao novo regulamento europeo de desenvolvemento rural

As novas directrices non garanten nin a conservación do medio ambiente nin a fin do despoboamento

O Sindicato Labrego Galego fixo pública a súa oposición ao novo regulamento europeo de desenvolvemento rural que vén de ser aprobado porque non vai servir para desenvolver o medio rural, máis ben todo o

contrario. O novo fondo único de desenvolvemento rural (FEADER) establece o 10% para mellorar a competitividade agrícola, un 25% para medidas agroambientais, un 10% para diversificación, e un 5% para o Leader.

Para o SLG isto é unha contradicción, pois é totalmente incompatible a mellora da competitividade agrícola coa mellora do medio ambiente e da calidade de vida.

Mellorar a competitividade supón concentrar a produción en explotacións cada vez máis grandes e intensivas, o cal crea graves problemas medioambientais derivados do forte aumento de adubos químicos, pesticidas, herbicidas e das grandes concentracións de animais.

Mellorar a competitividade das explotacións significa tamén eliminar explotacións agrarias, o que supón crear grandes espazos rurais totalmente abandonados, co cal se imposibilita unha correcta ocupación e xestión do territorio, cuestión imprescindible para manter o medio ambiente. Na Galiza os incendios forestais son unha dramática consecuencia disto.

Para o SLG, a mellora do



O novo regulamento de desenvolvemento rural non freará a desertización das parroquias

medio ambiente e a mellora da calidade de vida das zonas rurais pasa por manter numerosas explotacións agrarias de dimensión humana, e por garantir a remuneración do de traballo dos labregos e labregas. Para isto, cómpre poñer en marcha un verdadeiro proxecto de desenvolvemento rural sostíbel que teña como

actividade económica principal a agricultura, que estableza modos de produción respectuosos coa conservación do medio ambiente, e desenvolva pequenas estruturas comarcais de transformación que permitan colocar os produtos agrarios nos mercados locais e de proximidade sen despilfarro enerxético.

Ao mesmo tempo, e para garantir un nivel axeitado de renda, deberán establecerse prezos mínimos de cubran os custes de produción e o traballo, con axudas complementarias para compensar ás zonas que teñan dificultades climáticas, orográficas ou de periferia á hora de desenvolver actividades agropecuarias.

Os pequenos produtores e produtoras non terán que marcar OS OVOS

Os produtores de ovos que teñan un máximo de 50 galiñas poñedoras poderanse ver eximidos do mercado dos ovos. No Consello de Ministros da Unión Europea celebrado a finais de xuño, os 25 decidiron, por unanimidade, esta modificación do regulamento de comercialización dos ovos.

Agora, será cada estado membro quen teña que decidir se aplica ou non esta excepción; no noso caso, a decisión tomaraa o Ministerio de Agricultura. Para beneficiarse disto, os produtores e produtoras con menos de 50 poñedoras terán que vender os ovos en mercados públicos locais da comunidade onde vivan; é dicir, que aquí poderán vender nas feiras locais de toda Galiza. No lugar de venda deberá figurar o nome e o enderezo da explotación.

A actual normativa establece que, dende o pasado 1 de xaneiro de 2004, os ovos teñen que marcarse, de xeito obrigatorio, cun código que permita identificar ao produtor e a forma de produción. Non embargante, estableceuse que, para os produtores e produtoras que vendían os seus ovos en mercados públicos, esta obriga non se aplicase ata o 1 de xullo de 2005.

A CPE quenta os motores da loita contra a OMC nunha asemblea xeral en Bretaña

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) tivo unha asemblea xeral entre o 30 e o 31 de maio pasados, na localidade bretona de Mur. Ata alí se desprazaron os compañeiros Xosé Ramón Cendán, membro das executivas da CPE e do SLG; Alberte Veiga; e a Secretaria Xeral, Lidia Senra. Asemade, tamén se celebrou, no mesmo lugar e nas mesmas datas, un seminario sobre deslocalización.

O seminario analizou as claves dun fenómeno recente, a deslocalización, que consiste en desprazar as producións agrarias a terceiros

países para abaratar custes, normalmente grazas a unha man de obra moito máis barata e que, en moitas ocasións, roza a escravitude.

Trátase dunha estratexia máis do neoliberalismo para abaratar os custes de produción e maximizar os beneficios das multinacionais.

Este tipo de prácticas están avaladas por organismos como a Organización Mundial do Comercio (OMC), que a finais de ano celebrará un cumio na cidade chinesa de Hong Kong para tentar liberalizar os mercados agrícolas mundiais. Precisamente, este foi un dos temas cen-



Xosé Ramón Cendán, primeiro pola esquerda, foi un dos representantes do SLG en Mur

trais nos debates das organizacións que integran a CPE, e todas coincidiron á hora de valorar este evento como unha oportunidade para articu-

lar accións de oposición contra a OMC a escala global para que volva fracasar coma en Seattle e Cancún.

Neste marco habería que

encadrar a campaña que está a organizar o SLG para denunciar en Galiza as políticas da OMC, e como afectan ao agro galego.

A agricultura intensiva e transxénica de soia no Paraguai como arma de destrución masiva

O napalm de Monsanto

O presente texto, extraído da revista Página Abierta e escrito por Raúl Zibechi, denuncia a situación insostible á que están chegando as comunidades labregas do Paraguai, asoballadas por

grandes plantacións de soia transxénica nas que se utilizan a esgalla herbicidas mortais coma o glifosato ou o paraquat. Xa van varias mortes, comunidades enteiras intoxicadas, terras e

augas envelenadas, e centos de miles de labregos e labregas desprazados das súas terras. Todo amparado pola violencia criminal da policía e a complicidade dos tribunais.

O corpiño do neno Antonio Ocampos, de once anos, sentado case espido na súa cama do Hospital Rexional de Encarnación, é a imaxe viva da desolación. Presenta lesións cutáneas en todo o corpo como consecuencia dun de tantos casos de contaminación que afecta a miles de labregos e labregas do Paraguai que viven en zonas "soeiras". En decembro de 2003, unhas 300 familias do departamento de Itapúa foron contaminadas por dous grandes produtores de soia da zona, un de orixe xaponesa e outro alemán, que fumigaron os seus cultivos con glifosato e paraquat, producidos por Monsanto.

Segundo relata Ramona, a nai de Antonio, o neno comezou a presentar chagas na pel uns dous meses antes que as familias o levasen ao hospital. Antonio e outros amigos, tamén contaminados, bañábanse a diario nun regato preto das súas casas, onde un colono alemán limpa a súa espaxadora de herbicidas. Pero os agrotóxicos non só chagan a pel dos nenos, senón que destrúen os cultivos de subsistencia, as aves de curral e o gando dos labregos, forzándoos a emigrar ás cidades e deixar as súas terras en mans dos negociantes da soia.

O 7 de xaneiro de 2003 marcou un antes e un despois na historia recente do movemento labrego paraguaio. Ese día, Petrona Talavera enterraba ao seu pequeno Silvino, tamén de once anos, contaminado por herbicidas no mesmo departamento. Cinco días atrás, Silvino regresaba en bicicleta á súa casa despois de mercar carne e fideos para o xantar familiar. O camiño estaba arrodeado de leiras de soia, que chegan case ata a porta da súa humilde vivenda.

Tivo a mala sorte de que Herman Schelender se atopase no camiño, fumi-



Os efectos devastadores do glifosato nas colleitas teñen provocado fortes protestas labregas

gando as súas plantacións. Xusto cando Silvino pasaba fronte á máquina fumigadora, Schelender activou o dispositivo enchoupando ao neno. Unha vez na casa, Petrona, se saber o que oco-

rrera, preparou a comida cos comestíbeis mollados por herbicidas mortais. Ao cabo dunhas horas, toda a familia sufría náuseas, vómitos e cefaleas, pero Silvino levou a peor parte, xa que inhalara o

líquido involuntariamente.

O 6 de xaneiro déronlle a alta e volveu a casa. Pero ese mesmo día, outro plantador de soia, Alfredo Lausténlager, fumigou os seus cultivos a quince metros da



casa de Silvino. Esta vez, o neno non se repuxo e morreu ao día seguinte. Unha parte da súa familia (Silvino tiña once irmáns) e outras vinte persoas foron trasladadas a Asunción a recibir tratamento.

Petrona comezou un longo periplo que a levou aos tribunais de xustiza, apoiada pola Coordinadora Nacional de Organizacións de Mulleres Traballadoras Rurais (Conamuri), na que participa dende hai anos. Teimuda, acadou algo case imposíbel para unha muller pobre do campo: pouco máis dun ano despois da morte de Silvino, o 12 de abril de 2004, un tribunal de Encarnación condenou a Lausténlager e Schelender por homicidio a dous anos de cárcere e a unha indemnización de 25 millóns de guaraní cada un. Pero pouco despois, os dous empresarios apelaron e a condena ficou sen efecto.

90 labregos mortos e 150.000 hectáreas de terras roubadas a 14.000 familias

Coa morte de Silvino, a conflitividade no campo agravouse pola expansión da soia. O punto culminante veu un ano despois, en febreiro de 2004, na comunidade de Ypekua, no departamento de Caaguazú. O 20 de xaneiro, labregos armados dispararon con armas de fogo contra membros da Policía Ecolóxica e Rural (APER), para impedir a fumigación con agrotóxicos de 70 hectáreas de soia. Ao día seguinte, un camión que levaba a 50 labregos a apoiar a loita contra as fumigacións foi metrallado con fusís M 16 por membros da APER, resultando dous mortos e dez feridos. En febreiro, centos de labregos tiveron uns tractores para evitar fumigacións, e producíronse incendios de terreos destinados ao cultivo da soia.

O 16 de marzo, a Mesa Coordinadora Nacional de Organizacións Labregas (MCNOC), unha das organizacións máis importantes do país, e a Plenaria Popular Permanente, convo-

caron mobilizacións baixo o lema "Pola vida e a soberanía nacional". A xornada, na que se pecharon as estradas en cinco departamentos, expresou o rexeitamento á utilización de agrotóxicos, pero tamén o modelo agroexportador. O Goberno de Duarte Frutos criminalizou a protesta, ao cualificar como "guerrilleros" ás organizacións labregas.

Éxodo, loita organizada e acción directa

Segundo Palau, a resposta labrega diante do desaloxo pola expansión da soia ten tres características. A primeira, e a máis frecuente, é a "aceptación pasiva do desaloxo". Só na campaña 2002-2003, os labregos perderon unhas 150.000 hectáreas de cultivos familiares de subsistencia, que foron parar a mans dos grandes produtores de soia. Trátase de 14.000 familias, unhas 100.000 persoas, que xa non viven no campo e engrosan os guetos de miseria das cidades.

Un segundo grupo reaccionou de xeito institucional, a través das organizacións labregas, co apoio de municipios e sectores da igrexa, formando coordinadoras nacionais e departamentais en defensa da vida.

Finalmente, moitos labregos optaron pola acción directa, que vai "dende a disuasión directa aos propietarios de non cultivar determinadas parcelas, a bloquear o paso ao persoal e vehículos que van fumigar, ata a queima de cultivos listos para a colleita". Ninguén reivindica estas accións, pero recentemente xurdiron voces que se pronuncian por "expulsar aos estranxeiros".

A resposta do Estado foi a represión: dende 1989 ata hoxe morreron 90 labregos que reivindicaban o seu dereito á terra, e outros 1.500 están imputados en delitos vinculados á loita social. Pero os terratenentes adoitan contar tamén con persoal armado que perpetró asasinatos que non recolle ningunha estatística.

Os cultivos de soia transxénica provocan unha triple perda de soberanía

A superficie cultivada con soia representa o 5% da superficie total do país, pero unha porción significativa da súa área agrícola.

En Paraguai, a soia transxénica comezou a cultivarse na campaña 1999-2000. Trátase da segunda vaga da agricultura intensiva; a primeira rexistrárase nos anos setenta, co ingreso de agricultores brasileiros que expandiron a fronteira da soia tradicional dende os estados do sur de Brasil.

A progresión dos cultivos é abraiante. En 1995 cultivábanse 800.000 hectáreas de soia; en 2003 chegouse case a 2 millóns. No mesmo período a produción pasou de 2'3 millóns de toneladas a 4'5 millóns. Pero na mesma década, a extensión dos cultivos de algodón -dos que viven os pequenos e medianos labregos- caeu un 20%, mentres que o volume de produción reduciuse á metade.

Expulsión masiva de familias da terra

O sociólogo paraguaio Tomás Palau considera que a explosión da soia tivo dous efectos: os ambientais, que se agravaron pola desaparición dos últimos bosques na rexión oriental e polo uso indiscriminado de herbicidas e pesticidas; e os sociais, que "resultan dramáticos nun país que viña sufrindo un acelerado proceso de empobrecemento e que agora debe asistir a unha expulsión masiva de familias labregas das súas terras". O 25% dos labregos paraguayos vive na indixencia.

O país sufriu así, segundo Palau, unha triple perda de soberanía: "Depende das exportacións dun só produto (soia) cuxas sementes serán fornecidas por unha soa empresa (Monsanto)"; perde soberanía territorial, xa que grandes extensións son adquiridas por estranxeiros, en particular brasileiros, os chamados "brasiguaios"; e tamén unha perda de soberanía alimentaria, porque o monocultivo substitúe á diversidade de cultivos de subsistencia das familias labregas.

Científicos de Hungría avalan a prohibición do millo MON 810

En Francia, destruíron a metade das fincas experimentais de transxénicos no transcurso do ano 2004

Novas voces autorizadas únense ao receo que espertan os transxénicos. Neste caso, a do profesor Béla Darvas, da Academia das Ciencias de Hungría, cuxos estudos levaron ao seu país a prohibir o millo MON 810

O profesor Béla Darvas presentou, o 24 de maio en Bruxelas, os resultados das súas investigacións ao redor do millo manipulado MON 810. Darvas falou de efectos non intencionados en especies protexidas de bolboretas e outros organismos sensíbeis á toxina Bt producida por esta planta. En palabras deste científico húngaro "o millo Bt pode ter consecuencias importantes e inesperadas en diversas especies. Hungría non pode correr o risco de autorizar o cultivo desta planta antes de que se teña estudado convenientemente o seu impacto e, en consecuencia, tivo a precaución de prohibir o MON 810".

Outro dato da investigación é que este millo produce entre 1.500 e 2.000 veces máis toxinas Bt que un tratamento puntual con insecticidas, e boa parte fica no solo despois da recolección. Darvas tamén denunciou que Monsanto lle negou sementes doutras variedades para completar as investigacións solicitadas polo Goberno húngaro.



En Francia, destruíron máis da metade das leiras experimentais con cultivos manipulados

Seis países europeos quíxanse da AESA

Asemade, produciuse a queixa de seis países da Unión Europea (Italia, Grecia, España, Eslovenia, Hungría e Luxemburgo) respecto aos métodos de avaliación en materia de transxénicos da Autoridade

Europea de Seguridade Alimentaria (AESA). Estes seis estados denunciaron que Aesa só analiza os datos e informes que lle proporcionan as propias multinacionais que solicitan a autorización dos seus transxénicos.

O Ministro de Agricultura italiano, Giovanni Aleman-

no, esixiu que "normas máis severas e obxectivas para a aprobación dos organismos manipulados que se destinan á alimentación. Debe ser posíbel que a AESA leva a cabo as súas propias investigacións ou que dispoña dunha lista de institutos certificados aos que poida dirixirse".

O mal das vacas tolas cóbrase a primeira vítima na Península Ibérica

A aparición de novos casos da enfermidade de Creutzfeldt Jakob nas persoas, máis coñecida como mal das vacas tolas, segue conquistando novos territorios. A comezos de xuño, detectouse en Portugal o primeiro caso desta doenza nun mozo.

En España, o director do Centro Nacional de Referencia de Encefalopatías, Juan José Badiola, advertiu de que os primeiros casos de Creutzfeldt Jakob en España poderían darse neste ano. Este risco existe debido a que o tempo de in-

cubación nos humanos desta enfermidade rolda os dez anos, e o meirande dos casos de vacas afectadas pola Encefalopatía Esponxiforme Bovina en España déronse entre 1994 e 2000.

En Francia, vén de contraer o mal das vacas tolas a décimo terceira vítima. Este novo positivo deuse coa particularidade de que o afectado doou sangue en varias ocasións entre 1991 e 2004, polo que a infección podería estenderse. Dos trece casos positivos en Francia ata o de agora, só fican con vida catro.



Juan José Badiola advertiu que en España van aparecer os primeiros casos de Creutzfeldt Jakob en persoas

Joaquín Álvarez, viticultor da DO Rías Baixas e socio fundador da adega Terras Gauda

“A falla de control fixo que o sector medrase de máis en relación ao mercado”

Aínda que as orixes familiares o vinculaban á gandería, Joaquín Álvarez decidiu nos anos sesenta encamiñar a súa carreira profesional cara ao viño. Hoxe, cunha explotación de quince

hectáreas de viñedos con Albariño e Caiño branco en Goián (Tomiño); e despois de participar como socio fundador na posta en marcha da adega Terras Gauda, é unha das voces máis

solventes para comentar a realidade do sector. Agora, ten entre mans sacar adiante un tinto co que pretende recuperar castes autóctonas Caiño tinto, Castañal, Sousón, Pedral e Vencellao.

■ **Fágame un resume rápido da situación no sector vitivinícola na zona do Rosal**

A realidade do sector está moi condicionada por existir dous tipos de viticultores: aqueles que se dedican profesionalmente á viticultura; e os que traballan no sector pero sen que lles inflúa de xeito decisivo nas súas economías, pois dispoñen doutros recursos; case sempre xente maior e pensionistas.

Isto inflúe moito á hora de negociar os prezos da uva, pois non se dá feito a forza que habería que facer para acadar uns prezos razoábeis. De feito, o ano pasado a uva estívoa a pagar por baixo dos custes de produción.

■ **¿Cales son as causas desta caída dos prezos?**

Eu penso que o viticultor ten que levar os beneficios que lle correspondan pola súa actividade, e a adega tamén. Nótase que temos un sector que aínda segue sen regular. Houbo tempos

nos que se pagou a uva a 400 e 500 pesetas, algo fóra do normal. Hoxe, debido a que a Administración non controlou moito este sector, que medrou de máis en relación ao seu mercado, hai uns atascos moi fortes nas adegas. É moi necesario regular o sector, ou as cousas irán mal.

■ **Ese valor á baixa para a uva contrasta cos prezos das botellas no mercado.**

Por parte das adegas, o problema non está no prezo. As adegas sacan un viño a un prezo normal e gañan o que teñen que gañar. Onde vén o grande problema é na restauración, cuns prezos moi elevados onde se está a cortar moito a venda do viño. Os restaurantes queren gañar moito no viño, e isto habería que regularlo. A miúdo, co prezo ao que cobran a botella, poderían venderse dúas sen que ninguén saíse prexudicado, e de seguro que así conseguíamos sacar máis viño e, mesmo, gañar en reputación.



Joaquín Álvarez desenvolve parte da súa actividade nas quince hectáreas de viñedos que ten en Goián

“O viño galego ten moitos retos, pero o máis grande é a comercialización”

■ **¿Cales pensa que son os principais retos e necesidades do viño galego?**

Retos ten bastantes, pero o grande reto do viño galego é a comercialización. Hai moitas adegas que venden pouco. Estamos vendo albariños a tres euros e, sabendo canto custa producir un quilo de uva, estanse a perder cartos. E mesmo hai prezos inferiores a eses.

■ **¿Que opina da polémica causada pola comercialización de viño Albariño por unha adega do Ribeiro?**

Sinceramente, non vexo ningún problema. Se no Ribeiro fan Albariño, e lles sae ben, pois que o fagan. Será un Albariño do Ribeiro, e nós faremos un Albariño das Rías Baixas. A xente será quen decida cal quere.

Ese non é o problema do sector; os problemas son outros. Agora estanse producindo albariños no estranxeiro; estanse a empregar uvas como Cavernet ou Tempranillo en viños tanto galegos, coma franceses ou californianos; e temos Mencía do Bierzo ou da Ribeira Sacra. Cadaquén debe defender a súa zona. As queixas do Consello Regulador nesta polémica son desculpas de mal pagador. O problema noso é que non soubemos promovernos como Rías Baixas. Vin Albariño en Almunia (Zaragoza) de moi boa calidade pero, evidentemente, con outras características e aromas distintos do noso.

“A Administración tiña moito que dicir á hora de fixar prezos, pero non fixo nada”

■ **¿A DO Rías Baixas está a responder ás expectativas do sector?**

Eu penso que a DO aínda lle queda moito camiño por percorrer para facer as cousas como se deben facer. Hoxe, a pesares de que o sector está atascado, a Administración segue a subvencionar as explotacións, algo que non se debería facer cando xa se están producindo excedentes. A Administración debería preocuparse por outros problemas en troques de subvencionar a un sector no que xa hai excedentes. Iso non ten sentido.

O Consello Regulador non só debería controlar os quilos de uva que entran nas adegas. Hai temas importantísimos, como a comercialización do viño, no que debería traballar e estar máis implicado.

■ **¿Como valora a política vitivinícola da Xunta a día de hoxe?**

A Administración ten moito que afinar en política vitícola, coma no tema de subvencionar plantacións cando hai excedentes. Non me parece mal que se axude en fincas experimentais para probar novos métodos ou variedades, pero subvencionar para que se produza máis cando non se dá vendido o que hai...

A Administración tamén tiña moito que dicir á hora de establecer prezos, pero ata o de agora nunca fixo nada, nunca sentou a viticultores e adegueiros nunha mesa para facer de árbitro. Nese aspecto, non fixo nada. O resultado é un sector sen ningún tipo de control.

Un dos grandes erros da Adminis-

tración co Rías Baixas é que se potenciou unha caste de uva, o Albariño, en troques de promover unha zona xeográfica. O Albariño haino ata en California.

A falla de regulación levou tamén a despropósitos como permitir plantacións de viño en solos non aptos, onde antes se cultivaba millo, por exemplo. Agora veñen os problemas, pois estes terreos non poden dar a mesma calidade ca outros aptos.

■ **¿Que lle pediría ao novo Goberno para o sector?**

Sentarse nunha mesa e analizar como está a situación, por toda a carne no asador para tratar todo o que haxa que tratar para que isto teña unha saída, xa que, en caso contrario, vai quedar moita xente no camiño.

Caldo bordelés e xofre de fol para os viñedos máis sans do Ribeiro

A Atria Labregos do Ribeiro consegue reducir ao mínimo as fumigacións empregando só sulfatos tradicionais

Dende hai seis anos, Xosé Manuel González Vilas está a coordinar a Agrupación de Tratamentos Integrados (Atria) Labregos do Ribeiro, que agrupa a 36 explotacións vitícolas da

zona do Avia e Cenlle, en Ourense. Os resultados saltan á vista: viñedos sans e vigorosos aos que só se lles aplica catro ou cinco mans de sulfato ao ano, empregando caldo bordelés ou xofre

de fol. Iso mentres os veciños superan as quince aplicacións por colleita con herbicidas, antibotríticos, penetrantes e sistémicos de orixe química e altamente tóxicos.

Os viticultores e viticultoras aos que asesora Xosé Manuel González Vilas téñeno claro: contra menos compostos químicos se lle boten ás cepas, moito mellor. Hai anos, na comarca do Ribeiro utilizábanse de xeito sistemático sulfatos sistémicos e penetrantes con diversas formulacións e de xeito reiterado.

O troco de filosofía aconsellado por Vilas tiña os seus argumentos: "polas investigacións, sabiamos que non era necesaria tanta cantidade de sulfatos; mesmo descubrimos que materias activas clásicas, coma o cobre ou o xofre, eran moito máis eficaces con moitas menos mans. E iso sen falar dos efectos perniciosos, pois as materias utilizadas son moito menos tóxicas para a planta, para a saúde e para o medio ambiente".

Actualmente, as aplicacións dos sulfatos realízanse en función da climatoloxía e só cando son realmente necesarias. Cando se fumiga, utilízase sulfato de cobre con cal, o clásico caldo bordelés, con algún aditivo natural coma o leite desnatado; e tamén xofre de fol. Ambos son produtos que xa se utilizaban hai máis de cen anos e que están a amosar "unha eficacia insuperable". Na Atria Labregos do Ribeiro tamén tentan evitar o uso de calquera tipo de herbicida, e procuran utilizar só adubos orgánicos fronte aos químicos e sintéticos.

Aos beneficios en saúde e medio ambiente, únese unha considerable baixada nos custes de produción, pois non só se aforra en sulfatos, senón tamén en man de obra e traballo. Segundo Vilas, utilizando estes métodos pódense chegar a aforrar "ata 20 pesetas por quilo de uva".



Antonio Collarte

Atopamos a Antonio Collarte en pleno labor de esfolado das súas viñas na parroquia de Santo André, en Ribadavia. Cando lle preguntamos polas aplicacións de tratamentos realizadas, díxonos que "ata o de agora só demos dúas mans de sulfato", e falamos con el a finais de xuño. Así dan as contas, pois "o ano pasado, dependendo da viña, demos entre catro e

"Contra menos sulfato, mellor para as cepas e mellor para nós"

cinco mans". Nada que ver coa veciñanza, xa que "algúns xa andan a estas alturas coa cuarta e coa quinta man".

Antonio Collarte destacou que "os programas que está levando a cabo o SLG para reducir sulfatos están sendo útiles. Envelénase un menos, e as cepas supoño que canto menos se lle dea mellor será, para nós e para elas".



Beatriz Rodríguez e Xosé Antonio Muñiz

Beatriz e Xosé Antonio miman a súa hectárea de viñedos en Abelenda (Cortegada). Nestes intres están en trámites para producir en ecolóxico e para poñer en marcha unha pequena adega de colleiteiros. Levan tres anos empregando métodos ecolóxicos, orientados polo SLG: "Menos sulfato, e utilizan-

"Os viños gañan en aroma ao non utilizar produtos químicos"

do xofre en po, caldo bordalés e mesmo leite". A finais de xuño, botáranlle só "tres mans de caldo bordelés e dúas de xofre".

Para quen pense que a produción lles pode perigar, Beatriz e Xosé Antonio afirman que "polo de agora, non tivemos problemas. Mesmo, os viños gañan en aroma ao non utilizar produtos químicos"



Elías Rodríguez

Elías Rodríguez aspira a elaborar un viño ecolóxico certificado coas uvas dos seus viñedos de San Estevo de Nóvoa, en Ribadavia. Por iso, nos tratamentos utiliza "un caldo bordelés sinxelo"

A pesares e utilizar materias ecolóxicas, Elías é pouco amigo de aplicar de máis. Confesa que "o ano pasado só din tres voltas de sulfato e creo que me pasei un

"Antes dábanlle unhas quince voltas á colleita e o viño sabía a sulfato"

pouco; nin sequera utilice xofre". En canto ao adubado: "esterco de cabalo".

O emprego destes métodos por Elías vén de atrás, "hai vinte anos, cando lle merquei as terras a meu tío, este botaba quince voltas de sulfato ao ano, con sistémicos e aplicacións esaxeradas. O viño aquel sabía a sulfato" En canto aos resultados, "nunca perdín a uva".


Xosé Antonio Zafra Gudín

Xosé Antonio Zafra Gudín ten as súas viñas en Baixada da Barca, xunto á vila de Ribadavia, "unha explotación tradicional adaptada ás esixencias da agricultura ecolóxica". Xosé Antonio trata "de fuxir dos produtos químicos. Este ano só levo dúas mans. O ano pasado din catro".

Para que a cousa vaia ben, basta cun

"Nun tempo de seca coma este, non se desenvolve o mildeu nin outros fungos"

pouco de ciencia labrega. Por exemplo, cando o visitamos, dixo que "co clima, tal e como está, non cómpre sulfatar. Nun tempo de seca non se desenvolve o mildeu nin ningún tipo de fungo". Zafra destacou a importancia do SLG, por "favorecer as relacións e o intercambio de experiencias entre viticultores".



Pura Collarte e Víctor Diéguez

Pura Collarte e Víctor Diéguez teñen as súas viñas no barrio da Figueiriña, na parroquia de Santo André, en Ribadavia.

Sen esquecer a tradición familiar, tentan fuxir dalgunhas prácticas de antano, pois "antes dábanse moitas mans de sulfato, catorce ou máis en cada colleita, e con produtos agresivos coma os sistémicos,

"Con estes métodos afórrase moito en custes, saúde e traballo"

con ata catro mans antes da floración".

Agora, "só aplico cando hai risco, se hai un troco de temperatura favorable para que se desenvolvan esporas de mildeu".

Entre as melloras dos novos métodos, Pura e Víctor din que producen "exactamente igual que antes, pero con moita aforro de custes, saúde e traballo".

O sector ecolóxico busca harmonizar criterios produtivos e prácticas de cultivo

As xornadas estatais de COAG en Plasencia analizaron a realidade da agroecoloxía durante dous días

Os días 2 e 3 de xuño, a Coordinadora de Organizacións Agrarias y Ganaderas (COAG), coa que o Sindicato Labrego está asociado, celebrou as súas xornadas anuais ao redor do sec-

tor ecolóxico en Plasencia (Cáceres). Por parte do SLG, acudiu Silvia González Graña, animadora da Dirección Transversal de Agroecoloxía, ademais de seis afiliados e afiliadas

dos sectores ecolóxicos de vacún, ovino, horta e froita. Outras delegacións presentes foron as de Andalucía, Valencia, Murcia, Cantabria, Castela e León, amais da delegación extremeña.

Se tiveramos que subliñar unha preocupación común a todos os relatores, mesas redondas e comentarios relacionados coa agrogandería ecolóxica, sería a necesidade de harmonizar criterios de produción e prácticas de cultivo.

Juana Labrador, da Escola de Enxeñerías Agrarias da Universidade de Extremadura, falou sobre a calidade e a dispoñibilidade dos insumos permitidos na agricultura ecolóxica. Actualmente, as producións ecolóxicas deben aterse, en termos xerais, ao Regulamento 2092/91, e os fertilizantes orgánicos e organominerais permitidos no consumo agrícola polo Real Decreto 72/1988 e a Orde de 28 de maio de 1998 do Ministerio de Agricultura.

Os produtos permitidos na agricultura ecolóxica son máis limitados e están máis regulados que os usados na agricultura convencional, pero hai certas técnicas que son aplicábeis aos dous modos de produción. Por exemplo:

■ O acolchado, que consiste en cubrir o terreo cultivado con material orgánico ou non. A miúdo, o acolchado faise con palla ou herba seca para evitar a evaporación da auga e o crecemento de herbas non desexadas.

■ O abonado en verde consiste en usar a vexetación espontánea ou a plantación de cultivos específicos para mesturar, antes de que floreen, co terreo.

■ As asociacións de cultivos son agrupacións de cultivos complementarios, cultivos veciños que se axudan uns aos outros. Ás veces, os cultivos asociados dan de comer a organismos danosos, librando



As xornadas de COAG en Plasencia asistiu unha comitiva en representación do SLG

así do seu ataque ás especies que queremos cultivar: outras veces, axudan a aumentar a fertilidade da terra.

José Luis Reyes, da Junta de Extremadura, falou sobre o manexo de pragas e enfermidades. Recomendou o uso de especies e variedades

autóctonas ou adaptadas ao medio local, a implantación de rotacións de cultivos, e o uso de cultivos asociados, así como a protección da fauna auxiliar con sebes.

Igualmente, avogou polo uso das malas herbas como abono verde e protección do

terreo contra a perda de humidade e erosión, e como abrigo da fauna auxiliar. Tamén recomendou facer as aplicacións dos tratamentos permitidos no intre axeitado, e evitar as aplicacións preto dos cursos de auga e das colmeas.

Pídese una certificación unificada, democrática, pública e gratuíta

As conclusións das xornadas apoiaron as recomendacións feitas no seu transcurso, pedindo o desenvolvemento das medicinas alternativas aplicábeis á gandería ecolóxica, así como o establecemento dun rexistro de medicamentos alternativos, a formación de técnicos, e a oferta de cursos sobre gandería ecolóxica.

Nas conclusións, pediuse igualmente a creación de sistemas harmonizados que inclúan todos os criterios dos diferentes sistemas de certificación existentes para a avaliación de novos produtos autorizados, e a reavaliación dos que xa aparecen autorizados no Anexo II do Regulamento 1292/91, así como o desenvolvemento das bases legais necesarias para a creación no Ministerio de Agricultura dun rexistro de insumos para a agrogandería ecolóxica.

Avogouse pola incorporación de criterios sociais no cultivo ecolóxico, considerando aqueles que tiñan que ver coa protección medioambiental, a creación de emprego, e a produción de riqueza, sen ter en conta

unicamente o tamaño das explotacións.

O desexo de harmonización levou a considerar "prioritario" o establecemento en todas as comunidades autónomas dun sistema unificado, público, gratuíto e democrático de control e certificación dos alimentos ecolóxicos, coa participación de produtores, elaboradores e consumidores, considerando conveniente a incorporación das organizacións de consumidores nos organismos de control.

As xornadas incluíron unha visita a unha devesa de 400 hectáreas e 180 reses (tours avileños e vacas limusinas e charolesas). O gando pacía libremente e abrigábase da calor baixo 16.000 acíñeiras que son podadas regularmente. As pólas amoréanse durante un tempo antes de usalas para leña, deixando que as vacas coman as follas, que amais de pasto son un bo desparasitador natural. As landras producidas son utilizadas como pasto para as vacas e para uns cen porcos que manteñen parte do ano.

As posibilidades da ciencia homeopática na veterinaria ecolóxica

Oscar García Barrero, veterinario clínico especialista en homeopatía, dixo que, cando a prevención non é suficiente, debe recorrerse primeiro ás terapias naturais ou alternativas, deixando os tratamentos convencionais permitidos polos regulamentos sobre gandería ecolóxica para ser usados en casos excepcionais e con criterios restrictivos.

García Barrero notou que a resistencia dos animais á enfermidade está influenciada pola raza escollida (de aí que sexan preferíbeis as razas autóctonas ou os animais ben adaptados), pola forma de reprodución e cría, polas condicións de estabulación ou non estabulación, pola carga gandeira e, sobre todo, pola alimentación.

O especialista en homeopatía mantivo que unha alimentación ecolóxica equilibrada para as necesidades de produción favorece o desbloqueo dos mecanismos inmunitarios, e que neste proceso de reequilibrio das defensas naturais interveñen tamén a ausencia de tratamentos rutinarios e abusivos, como as vacinacións masivas, as desparasitacións inxustificadas, ou o uso de estimulantes naturais da inmunidade.

Amais dos tratamentos homeopáticos, García Barrero recomendou a fitoterapia e a aromaterapia, e non desbotou outros tratamentos que van sendo adaptados dende os coidados humanos ao coidado dos animais.

Manteñen a puntuación para mulleres titulares no reparto de cota grazas ao SLG

O Ministerio de Agricultura rematou por aceptar as alegacións presentadas pola Secretaría da Muller

O Sindicato Labrego Galego puxo en coñecemento dos e das representantes dos ministerios de Agricultura e de Asuntos Sociais o seu rexeitamento a que se eliminase unha das poucas me-

didadas de discriminación positiva para as mulleres do agro, tal e como pretendía o departamento de Elena Espinosa nun primeiro momento, no reparto de cota previsto polo Plan de

Reestruturación do Sector Lácteo. Trátase dun novo éxito do SLG, que presentou alegacións para que o plan ministerial contribuíse a minguar a discriminación das labregas.

Cómpre lembrar que hai numerosas mostras que evidencian a dureza das condicións de vida e a falta de apoio ao labor de moitas mulleres que traballan na agricultura: fóra e dentro da casa, coidando da rapazada, dedicando boa parte do seu tempo á atención das persoas maiores, etcétera. Poder levar adiante unha explotación leiteira, a maiores, constitúe unha verdadeira proeza. As mulleres do agro están desenvolvendo un bo número de tarefas que son unha obriga da sociedade no seu conxunto, e é por iso que non poden afrontar en igualdade de condicións o seu futuro laboral.

O actual Goberno manifestou en numerosas ocasións como un obxectivo fundamental atinxir a paridade e a igualdade de



Grazas ao SLG, ser muller titular nunha explotación láctea puntuará á hora de adquirir cota

oportunidades entre homes e mulleres. Foi por iso que a

Secretaría da Muller considerou que unha actuación

coherente con esta declaración de intencións debe

ir máis alá da supresión de accións coma esta para a consecución da igualdade, e promover novas medidas nesta dirección.

Hai unha cantidade de mulleres moi importante que traballan como cónxuxes colaboradoras nas explotacións agrarias, sen ser titulares. Dende a Secretaría da Muller do SLG apóstase, ademais, por fórmulas xurídicas que impliquen a cotitularidade ou titularidade compartida para acadar unha situación igualitaria en todas as obrigas e dereitos da explotación agraria. Mecanismos como a distribución de cantidades de referencia no sector do leite, así como a elaboración de criterios para o reparto das axudas, poden ser instrumentos eficaces para conseguir os obxectivos sinalados.

En Galiza, hai un importante número de persoas maiores que non se valen por si mesmas para tarefas cotiás como comer, ir ao baño, ou erguerse. A parte destas persoas, moi numerosas en Galiza, posto que no noso país temos unha poboación tremendamente envellecida, tamén hai moitos fogares con nenos e nenas de curta idade e persoas con discapacidades máis ou menos severas.

No 84% dos casos deste tipo que se dan no estado español, as persoas encargadas destes coidados son mulleres, das cales a idade media é de 53 anos. Estas mulleres dedican a estas tarefas un tempo medio de 10,6 horas diarias durante 8 anos.

Só un exíguo 6% destas persoas dependentes son atendidas por servizos sociais, malia ser unha cuestión dunha importancia básica para o conxunto da sociedade.

Corenta e dúas organizacións de mulleres -entre elas a Confederación Ceres, coa que está traballando a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego- asinaron un pacto social pola protección da dependencia que propón que as leis contemplen:

■ Esta lexislación como unha **necesidade social urgente**. O Goberno debe cumprir o acordo cos

42 organizacións asinan un pacto pola protección da dependencia

axentes sociais de 2001 e o seu programa electoral sen desaproveitar a metade da súa lexislatura 2004-2008.

■ A **dotación orzamentaria** axeitada ao recoñecemento da protección por dependencia como un dereito subxectivo individual é de 2.500 millóns de euros para o ano 2008, e 5.750 millóns de euros para o ano 2012.

Para a Secretaría da Muller, resulta totalmente insuficiente a dotación de 30 millóns de euros no ano 2005.

■ Debe haber unha **progresiva universalidade da prestación**: en oito anos, as 2.264.971 persoas que padecen algún tipo de dependencia no estado español -sexa moderada, severa ou total- deben ter dereito ás prestacións do sistema, sen discriminación por razóns de idade, sexo, orixe da dependencia, comunidade autónoma de residencia ou nacionalidade, con igualdade no acceso e no sistema de valoración e recoñecemento.

■ As medidas teñen que ter o **carácter de prestación do Sistema Público da Seguridade Social**.

■ A **xestión debería ser descentralizada** e correr a cargo dos concellos e comunidades autónomas ou nacionalidades, comprometéndose a dar garantías

de inmediatez e axilidade.

■ Cómpre un **sistema de financiamento compartido** polas administracións locais, autonómicas e estatais, mediante o desenvolvemento do modelo do Plano Concertado de Servizos Sociais, onde os usuarios e usuarias acheguen segundo as súas rendas, garantindo sempre o acceso das persoas sen recursos.

■ É necesaria a **prestación preferente de servizos públicos sociais e sociosanitarios**. Esta carteira de servizos debería incluír: teleasistencia para a dependencia leve; en caso de dependencia moderada: teleasistencia, axuda a domicilio un mínimo de dúas horas diarias, vivendas tuteladas e centros de día; para a dependencia severa: centros de día e residencias asistidas; e para casos extremos de dependencia total: residencias asistidas.

■ A maiores, é imprescindible un **sistema de apoio a coidadoras e coidadores familiares** (axuda no domicilio, incluíndo fins de semana, estadias temporais nas vacacións, etcétera), e axudas económicas axeitadas para adaptar a vivenda e o posto de traballo ou adquirir bens.

Abriuse o prazo para actualizar os datos das axudas da

PAC

Estas axudas inclúen as de nutrices, cebo de machos de vacún, sacrificio bovino, extensificación, superficies, ovino e caprino, etcétera...

A Consellaría de Política Agroalimentaria remitiu as cartas nas que avisa que hai que actualizar os datos de identificación de agricultores e agricultoras para a aplicación do réxime do pago único nas axudas da Política Agraria Común (PAC).

Os labregos e labregas afectad@s son aqueles que recibiron axudas da PAC nos anos 2000, 2001 ou 2002. Agora, o que se tenta é actualizar os datos para fixar eses pagos e o número de hectáreas para o período 2007-2013. Se este é o seu caso, debe actualizar os datos aínda que non recibise a carta da Consellaría

Aínda que a Xunta solicitou unha prórroga para que haxa tempo suficiente para facer a solicitude, en principio **o prazo remata o 15 de xullo**, que é a data publicada no Boletín Oficial do Estado.

Nestes intres, todas as oficinas do Sindicato Labrego Galego están preparadas para atender a todas aquelas persoas que teñan dúbidas ou necesiten máis información sobre o tema. Para iso, só teñen que acudir ao local do SLG que estea máis preto do seu domicilio, onde serán atendid@s.

No SLG levamos tempo desenvolvendo un importante traballo de análise e elaboración de propostas dende as direccións sectoriais. Propostas que, unha vez debatidas e aprobadas, preséntanse como as alternativas do Sindicato Labrego Galego ante os labregos e labregas, ante as administracións e ante a cidadanía.

Nos últimos tempos, son cada vez máis os temas transversais que afectan a labregos e labregas, independentemente do sector no que traballen. Son cuestións que afectan moito ao desenvolvemento das nosas explotacións e, por iso, temos que analizalas e elaborar propostas e liñas de traballo para que desenvolva o Sindicato Labrego Galego.

Para poder abordar estas cuestións con eficacia, e co obxectivo de que cada vez sexamos máis as

@s afiliad@s poden participar nos grupos de formación interna do Sindicato Labrego

persoas que coñecemos a fondo e nos formemos nestas cuestións transversais, decidimos crear grupos de traballo abertos á afiliación, e nomear ás persoas que coordinarán e dinamizarán os grupos de traballo.

A Dirección Nacional acordou constituír os seguintes:

1.- Terra: As dificultades para o acceso á terra (forestación de terras agrarias, banco de terras, regulamentación dos usos do solo,...). Responsábel do grupo: Manuel Da Cal.

Axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatíbeis co ambiente

Vén de convocarse a orde do 15 de xuño pola que se convocan, para a campaña 2005, as axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente.

As bases son as mesmas que regularon as axudas o ano pasado, pero co engadido de tres puntos, entre os que habería que destacar o seguinte:

■ Coa solicitude de axuda achegaranse, en todos os casos, certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da

Consellería de Economía e Facenda e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas con estas e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galiza".

O prazo para solicitar as axudas agroambientais para a campaña 2005 rematará o **27 de xullo**.

Para informarse sobre as distintas variábeis destas axudas, poden consultar en calquera local do SLG.

Abren un segundo prazo para solicitar axudas para renovar o parque de tractores de Galiza

Ábrese un segundo prazo de presentación de solicitudes de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galiza, convocadas

mediante Orde do 13 de maio de 2005. Este **prazo**, de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda do Real decreto lei 10/2005, **finalizará o vindeiro día 22 de xullo de 2005**.

Axudas a parceiros e arrendatarios de predios rústicos que exerzan o dereito á propiedade

Orde do 28 de abril de 2005 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos, que exerzan o seu dereito á propiedade.

As solicitudes de axudas poderán

presentarse nos servizos centrais de Política Agroalimentaria, así como nas súas delegacións provinciais, oficinas agrarias comarcais. O **prazo de solicitude estará aberto ata o 30 de setembro de 2005**.

6.- Seguridade alimentaria. Responsábeis: Silvia González e Gabriel López

7.- Riscos Laborais e enfermidades profesionais. Responsábeis: Antonio Ferreiro e Marcos Louzao.

8.- Servizos no medio rural. Responsábel Mónica Amado.

9.- Pequenas explotacións. Responsábel: Lidia Senra.

10.- Agricultura labrega sostíbel. Responsábel: Antonio Villarino.

11.- Políticas de xénero: Responsábel: Isabel Villalba.

12.- Políticas para xubilados e xubiladas do sector agrario. Responsábel: Lidia Senra

Os afiliados e afiliadas que desexen participar nestes grupos de traballo, só teñen que chamar ou achegarse á súa oficina sindical máis cercana e dicir en que grupo desexan integrarse.

III Romaría

“Por un mundo rural vivo”

Xoves, 14 de xullo de 2005 / Área recreativa Os Ánxeles, Calvente (Oroso)

Programa

- 12:00. **Chegada**
- **Exposición de produtos da comarca:**
Aproveitaremos para traer da casas os nosos produtos (queixo, chourizos, hortalizas, ovos, patacas, mazás, etcétera)
- **Charla informativa de Lidia Senra,**
Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.
- **Xantar compartido** coa comida que levemos.
- **Queimada gratuíta.**
- De 16:00 a 18:00 horas, **baile, xogos e contos.**

Cómpre apuntarse previamente no teléfono 981 682 908

Animádevos a vir e traede a parentes e veciñ@s!!

*Porque queremos vivir da terra con dignidade.**Porque sabemos que os nosos produtos son de calidade e que os transxénicos danan a terra e a saúde da xente.**Porque queremos sacar azos para a organización de proxectos novidosos.**Porque queremos alimentar a nosa ledicia de vivir co encontro e coa festa.*

Feiras de produtos ecolóxicos no verán

■ **8 de xullo:** Festa en **O Val** (Narón, A Coruña). Inclúe mercado de produtos ecolóxicos. Organiza Asociación Cultural Xebra.

■ **10 de xullo:** Ecomercado en **Culleredo**. Vense celebrando dende finais de 2004 o segundo domingo de cada mes. Grande asistencia.

■ **30 de xullo:** Feira de produtos ecolóxicos en **Ponte-deume** (A Coruña). Organiza a Asociación Cultural Macucca. O último sábado de cada mes.

■ **5 a 7 de agosto:** Feira ecolóxica en **Burela** (Lugo). Asociación Zona Katro.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Coche Renault 21 GTD, con aire acondicionado. En bo estado.
Chamar ao 639 845 328

Véndese

-Tanque de leite ALFA LAVAL de 430 litros.
-Tractor LANDINI de 72 CV, bo uso, 3.000 horas.
-Remolque.
Chamar ao teléfono 981 199 958

Véndense

Xatas e vacas de leite con carta de control leiteiro.
Chamar aos teléfonos 696 309 038 e 982 176 086

Véndese

-Circuíto de muxido ALFA LAVAL de 5 puntos.
-Segadora de carro BCS.
En bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 982 140 956

Véndense

Rolos de herba seca.
Preguntar por Xabier no 982 144 140 ou no 699 396 665

Véndese

Estendedor de herba VICON, para estender e facer ringleiras. Prezo: 75.000 pesetas. En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

Sala de muxido MANOVAL de 8 puntos, con retirada automática e medidores electrónicos.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 314 424

Véndese

Circuíto de muxido MIELE, con compresor WESTFALIA, de 4 puntos, pulsadores electrónicos programábeis, medidor de leite, tuberías de aceiro inoxidable, e tanque de frío STORK de 500 litros. Prezo a negociar.
Chamar aos teléfonos 981 191 772 ou 630 693 911

Véndese

Tanque de frío de 200 litros.
Chamar ao 981 196 432

Véndense

3 eguas, unha parida e dúas preñadas; e un cabalo enteiro. en Portomarín (Lugo).
Chamar ao 982 187 272

Véndense

Máquina de limpar trigo.
Empacadora seminova 165.
Muíño de tractor.
Preguntar por Manuel no teléfono 982 175 132

Véndese

Autocargador, picador, espaxeador PÖTTINGER de 33 m³.
Carro mesturador horizontal KUHN de 12 m³.
Preguntar por Xesús no teléfono 690 665 808.

Véndese

-Rotoempacadora
-Tanque de frío de 640 litros.
-Circuíto de tres puntos.
Chamar ao 650 650 055

Véndese

Herba seca.
Chamar aos teléfonos 982 528 123, ou 676 128 939

Véndense

10 vacas e un touro de raza caldelá. Zona de Lugo.
Preguntar por Nacho no teléfono 659 972 363

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL de 339 litros.
Chamar ao 981 199 226

Véndense

Enxamios de abellas
Preguntar por Luís no teléfono 982 363 634

Véndese

Autocargador BEVILACQUA e rotativo BONINO 45.
Chamar ao 982 349 163.

Véndense

Por peche de explotación leiteira:
Tanque de leite de 2.800 litros, con lavado automático, frío instantáneo e antixeo.
Sala de muxido ALFA LAVAL de seis puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Touro de carne en Oza dos Ríos (A Coruña).
Chamar ao 670 895 789

Véndese

Rotoempacadora CLAAS modelo Rollant 46. Seminova.
Chamar ao 981 797 225

Véndense

Vacas frisonas.
Preguntar por Fernando no teléfono 629 308 667

Véndense

Vacas frisonas por xubilación.
Chamar ao 981 790 331

Véndese

Circuíto de muxido ALFA LAVAL de tres puntos.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 137 069

Véndese

Máquina de sementar millo GAS-PARDO SP 520 de catro liñas.
Preguntar por Víctor no teléfono 676 268 464

Véndese

Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou 988 419 035

COMPRAS

Mércase

Arado CARRUXO 401.
Chamar ao 629 856 356

Mércase

Equipo de limpeza para limpar as cortes.
Chamar ao 628 616 664

Mércase

Cisterna usada.
Preguntar por Xabier no teléfono 660 490 008

Mércanse

cabuxas de reposición, en Xermade (Lugo).
Preguntar por Fermín no 679 890 628.

OUTROS

Necesítase

Traballador / a para explotación de horta, en Cedeira.
Chamar ao 649 979 247

Búscase

Traballador / a con carné de conducir para a campaña de verán en Maceda (Ourense).
Chamar aos teléfonos 636 788 559 e 988 438 603

Necesítase

Traballador / a para explotación de ovino en Ourense.
Preguntar por Xabier no teléfono 660 490 008

Necesítase

Xente para traballar con tractores no Concello de Ordes (A Coruña).
Interesad@s chamar ao teléfono 619 301 049

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quíntanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Xosé Antón Ledo Pan, gandeiro e responsábel de ovino e cabrún no SLG

É o responsábel do sector ovino e cabrún no Sindicato Labrego Galego e membro da súa Executiva, compaxinando estas responsabilidades sindicais co traballo nunha explotación propia: 170 ovellas en réxime extensivo en Irima Baixa, en plena Serra de Meira, no municipio d'A Pastoriza (Lugo). Un claro exemplo de como da teoría -Xosé Antón Ledo é enxeñeiro agrónomo- se pode pasar á práctica, sen esquecer as reivindicacións fundamentais do sector. Neste senso, Ledo ten desenvolto a súa actividade sindical en localidades como Betanzos, Lugo ou Meira.

“O SLG tivo que solucionar o problema dos contedores porque a Xunta non fixo nada”

■ Nos últimos tempos, o sector ovino pasou a un primeiro plano por mor da polémica dos contedores. ¿Cómo está a situación?

Foi unha loita que levou adiante o SLG pola inxustiza que supuña. O tema dos contedores vén dun problema que arrastramos dende a crise das vacas tolas. Se nun principio se esixía a retirada de cadáveres das explotacións de vacún, agora estendeuse a cabrún, coellos, aves, ovino e porcino. O problema dos contedores é que pretendían que gastásemos o salario dun mes -un contedor custa uns 600 euros-. Algo inasumible.

O que máis nos molesta é que dende a Xunta non se fixese nada e tivese que ser nós o SLG quen se buscasse a vida, organizando unha reunión co Ministerio en Madrid, que foi onde se solucionou o problema.

■ ¿Que situación atravesan actualmente as explotacións de ovino galegas?


A situación é complicada coma no resto dos sectores pola problemática dos prezos. Temos unha grande dificultade para fixar prezos.

De feito, non os fixamos nós, senón que os fixan os intermediarios. Moitas veces, os prezos que acadamos non remuneran o traballo, nin os custes que temos nas explotacións.

O malo é que a Administración non fai nada para buscar alternativas que poderían ser viábeis, como a cría de ovellas para leite ou a elaboración de queixos. Tampouco fixo nada en canto á retirada dos animais de desvelle, a pesares de que lle presentamos, hai anos, un plan para iso. Esta podería ser unha fonte de ingresos adicional e evitaría que viñese o camión a recoller os animais mortos.

■ ¿Como ve o futuro do sector ovino en Galiza?

En canto ao futuro do sector, eu son optimista. Se a Administración aposta por manter o medio rural vivo, e por que volva a xente a ese medio rural para repoboalo, aí o sector de ovino e cabrún é moi atractivo, xa que son animais de doado manexo, e o nivel de investimentos non é moi grande. Con valos e superficie abunda, mesmo ofrecendo facilidades á



Xosé Antón Ledo compaxina a actividade sindical co traballo nunha explotación extensiva de 170 ovellas n'A Pastoriza

xente que lle interese, é unha actividade que che permite ter os teus intrínsecos de descanso e atender outras activi-

dades. A liberdade que che permite esta actividade é grande. Neso pode resultar atractiva para a xente.

“Pídlle dignidade e honradez política á nova Consellaría de Agricultura”

■ Imos ter novo goberno na Xunta. ¿Que lle pediría á persoa que se responsabilice da Consellaría de Agricultura?

O primeiro que lle pediría é dignidade e honradez política. Estamos cansos de sufrir conselleiros que non ten ningunha relación co agro e que non o coñecen. Queremos xente competente, que coñeza o sector no que vai traballar.

Tamén é necesario un cambio nas políticas da Administración. A Administración debe intervir nos sectores, sobre todo en temas coma os prezos ou a ordenación do territorio. Ese é o traballo que debe desenvolver. A Administración non pode estar vinculada exclusivamente aos intereses dun sector, dunha empresa, ou dun determinado modelo de produción, como sufrimos nos últimos anos.

Despois, e dunha vez por todas, hai que recoñecer o que son os verdadeiros interlocutores dos labregos e das labregas neste país, que son as organizacións agrarias. Cómpre crear uns organismos estables que permitan unha relación estable entre a Administración e os labregos e labregas para que as políticas que se leven adiante sexan consensuadas.

Tamén estamos cansos de tanta burocracia. Deberíase unificar todo o que ten que ver co medio rural, e coas explotacións agrarias e gandeiras, nunha única consellaría.

Por último, eu pediría unha política activa de cara a dignificar a actividade agrogandeira, recuperar a autoestima da xente que estamos a traballar nas explotacións e da xente que aínda vive no medio rural.

“Nos últimos anos, deixaron que o sector evolucionara como lle petase”

■ Vostede é un bo coñecedor do agro lucense. A pesares de ser a provincia onde máis está enraizada a actividade agraria, padece os problemas do rural galego. ¿Como está hoxe o panorama?

En Lugo acontece o mesmo ca no resto do país. Estanse concentrando as zonas de produción naquelas comarcas máis dinámicas, coma Sarria, Chantada, Terra Chá e A Mariña. As explotacións, para seguir mantendo unha renda digna, necesitan incrementar a súa dimensión, polo que se produce un proceso de concentración. Na zona sur estase acusando moito o problema do despoboamento, e as explotacións están ficando máis illadas e dispersas, cos problemas que iso trae en canto a manexo e a facer traballos en común.

Eu penso que os diversos sectores do agro lucense van seguir tendo futuro, e vai seguir habendo explotacións. Outro tema é saber en que condicións se vai desenvolver o futuro desas explotacións e ata cando vai aturar a xente, pois o proceso de desmantelamento do agro foi moi intenso nos últimos anos, e todas as actuacións por parte da Administración continúan indo por ese camiño.

■ ¿Cre que se está a facer o suficiente polas explotacións agrarias máis desfavorecidas da montaña lucense?

Non. Ao longo dos últimos anos o que se fixo foi deixar que cadaquén se buscasse a vida para atopar solucións particulares para as súas explotacións. Non houbo unha política global pensando nun futuro global do sector e,

sobre todo, planificando. Deixouse que o sector evolucionara como lle petase.

En Galiza, o único que se fixo pola agricultura foi xestionar os cartos que viñeron de Europa, pero nin sequera se elaborou un plan para definir que se pretendía coa distribución deses fondos. Así, atopámonos hoxe en día con esta situación caótica na que non hai dúas explotacións iguais, ben sexa polo sistema de manexo, ou ben pola situación económica. De aí que, aínda que a partir de agora se queiran facer políticas máis activas para virar esta tendencia, nos podemos atopar cun problema grave de que a incidencia destas políticas non sexa a mesma en todas as explotacións, senón que sexa moi distinta.